



O AGUILLON

MCG

A ESTRADA

MAIO 1987

Nº 3

Organización Local do MCG

ESPECIAL

a estrada: chegou a «primavera»

Venres día 24, coñecía-se a recente intervención, horas antes, da policía no concerto de Rock Ducan Dhu, en Santiago. Rumores que indicaban a posibilidade e proximidade dunha redada na Estrada. Posibilidade que se confirmou co asalto a distintos locais.

RODAMOS, ACCIÓN !

" Documentación...Que levas aí?...Veña, contra a parede! " continuando con preguntas estupidas a un bon número de persoas. Os tricórnios ben armados tomaron sucesivamente os locais, nalgun caso o propietario, ante o abuso propiciado polos picoletos recurriu a un advogado.

A Garda Civil representou un dos espectáculos mais brillantes na nosa vila dos últimos anos. Brillante porque con pouco esfor

zo gañaron mais antipatías das que tiñan acumuladas, provocando posteriormente as burlas lóxicas a toda unha comédia propagandística orquestrada polo PSOE. Garcia Sabell, delegado do goberno en Galiza diría que foi unha actuación positiva " para dar a sensación de tranquilidade ". (confirman estas declaracións o "mono" que tiña.)

Galiza confirmou-se como cenário experimental dunha "operación" con antecedentes días antes, en Barcelona e outras poboacións do estado. Seoran motivos para reclamar a dimisión do monifate Barrionuevo, do delegado Garcia Sabell, así como a retirada da Garda Civil da Praza da Farola. Preocupados en intimidar á xente xoven, pagando as consecuencias dos seus negocios coa xente xoven. Preocupados en dar cifras sobre detencións con ridículas apreensións de heroína, que investigar e deter aos peixes gordos.

As xuventudes do MCG, a Mocidade Galega Revolucionaria (MGR), veñen denunciando estes abusos desde hai tempo. A consigna que editan nos seus carteis " BASTA DE REPRESIÓN " "TRABALLO E LIBERDADE " " DELITO : SER XOVEN " continua cobrando vixencia e forma nunha sociedade onde os únicos responsavéis son o goberno PSOE e a súa policía.

